

CAMBIOS DE CONTINXENCIA



SOLICITUDE DE CAMBIO DE CONTINXENCIA DE ENFERMIDADE COMÚN A ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL

PROCEDEMENTO

Procedemento a seguir no caso de que a Mutua correspondente non queira outorgar a baixa por accidente laboral en horario de traballo.

Débase recordar que hai moita diferenza entre que unha baixa sexa considerada accidente de traballo ou enfermidade común. A base reguladora en caso de enfermidade común é tamén bastante diferente con respecto a enfermidade profesional.

O **Tribunal Supremo** considera que, débese cualificar como **ACCIDENTE DE TRABALLO**, "aquel no que dalgún xeito concorra unha conexión coa execución dun traballo, bastando co nexos causante indispensable nalgún grao..."


INCLÚESE, POLO TANTO, O PERÍODO DE TEMPO QUE SE EMPREGA EN IR OU VIR DO TRABALLO (accidente in itinere).

RECOMENDACIÓNS

1ª FASE Contactar cos representantes dos traballadores do voso centro de traballo:

A continuación informarlles do sucedido para que falen coa Dirección, e posteriormente seguir o procedemento que vos explicamos a continuación:

1º O mesmo día ou ao seguinte que a Mutua non nos queira proporcionar a baixa, acudir ao médico de cabeceira que deba proporcionarnos a **baixa por continxencia común**. (É importante pero non necesario, que o seu médico redacte un informe da doenza e de por que o proporciona a baixa, ante a negativa da mutua de non considerar esta doenza como accidente laboral.)



É FUNDAMENTAL TER A BAIXA POR CONTINXENCIA COMÚN, xa que sen esta, non poderíamos empezar o proceso para a reclamación. No caso de que o noso médico non nos queira proporcionar a baixa, hai que

solicitar unha cita coa Inspección Sanitaria de zona (deberían de tardar entre 2 ou 3 días). Este organismo determinará si para nosa doenza é necesaria outorgar a baixa.

2º Unha vez que teñamos a baixa, faremos unha **reclamación por escrito no departamento de atención ao cliente da Mutua**. Nesta reclamación, expoñeremos como se produciu o accidente e a reconsideración da valoración inicial, solicitando que a baixa que temos proporcionada polo médico por continxencia común, pase a baixa por accidente laboral.



2ª FASE Si a Mutua non acepta o cambio de valoración sobre a baixa: Deberemos dirixirnos ao seguinte organismo:



• **Instituto Nacional da Seguridade Social** (adoita haber unha delegación por zona). Alí proporcionarannos unha folla de reclamación, que consta de tres apartados:

- Datos persoais e nº de afiliación á Seguridade Social
- Exposición de motivos. Explicarase como fixemos no escrito que entregamos no departamento de atención ao cliente da Mutua, como se produciu o accidente.

- Solicitude. Neste apartado solicitaremos un cambio de continxencia. Que a baixa pase a considerarse baixa por accidente de traballo e non por continxencia común.

- Para rematar, entregaremos coa reclamación unha fotocopia dos seguintes documentos:

- O parte de asistencia á Mutua.
- O informe do médico da Seguridade Social (no caso de elaborarse)
- O parte de asistencia de Inspección sanitaria de Zona (no caso de que se acudira)
- A baixa.
- A reclamación por escrito no departamento de atención ao cliente da Mutua.

Unha vez cumprimentada a reclamación, tardan entre 1 e 2 meses en darnos unha contestación.

É IMPORTANTÍSIMO QUE TEÑAS COPIA OU FOTOCOPIA DE CADA DOCUMENTO. Non vos deixedes enganar pola Mutua, cando vos din que o voso accidente é consecuencia de algo dexenerativo ou conxénito, valorando vosa doenza como enfermidade común.

NORMATIVA

- Lei 31/1995 Prevención riscos laborais
- Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.
- Real decreto 625/2014, de 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración.
- Resolución de 19 de setembro de 2007, da Secretaría de Estado da Seguridade Social, sobre determinación da continxencia causante no ámbito das prestacións por incapacidade temporal e por morte e supervivencia do Sistema da Seguridade Social.

